

# OPORTUNIDADES DE FINANCIAMIENTO EN CASCADA

16, 20-21 setembro de 2021 - Online

Idioma: castelán / inglés

## Presentación

O financiamento en cascada é un mecanismo da Comisión Europea (CE) para distribuír fondos públicos co obxectivo de apoiar ás pemes e empresas de mediana capitalización na integración e desenvolvemento da innovación tecnolóxica.

Estes fondos póñense a disposición das empresas a través de convocatorias lanzadas por proxectos financiados á súa vez pola CE. Boa parte destas convocatorias céntranse en impulsar a adopción de novas tecnoloxías polos seus usuarios finais e implántanse como financiamento para melloralas mediante a realización de experimentos en contornas reais de traballo.

Os obxectivos principais deste método de financiamento son:

- Impulsar a creación de novas empresas (pemes e/ou empresas de mediana capitalización)
- Aumentar a escalabilidade de novos produtos
- Impulsar a adopción ou desenvolvemento de innovación tecnolóxica nas empresas.

O orzamento máximo das axudas ás empresas mediante este mecanismo é variable, dependendos obxectivos da acción.

Na xornada de presentación do 16 de setembro farase unha introdución aos mecanismos e metodoloxía de financiamento en cascada, así como á metodoloxía de traballo que se seguirá nos talleres dos días 20 e 21 de setembro, nos que se presentarán as convocatorias abertas dos proxectos Digicerc, Galatea, AI Plan4EU e i-nergy.

### Inscripción:

Poñemos á túa disposición as ligazóns para inscribirte nestas xornadas:

- **Inscripción para a xornada de presentación (16 de setembro, 12:00 a 14:00h)**
- **Inscripción para a sesión de traballo do proxecto DigiCirc (20 de setembro, 10:00 a 12:00h)**
- **Inscripción para a sesión de traballo do proxecto Galatea (20 de setembro, 12:00 a 14:00 horas)**
- **Inscripción para a sesión de traballo do proxecto AIPlan4EU (21 de setembro, 10:00 a 12:00h)**
- **Inscripción para a sesión de traballo do proxecto i-nergy (21 de setembro, 12:00 a 14:00h)**

## PROGRAMA

**16 setembro**  
12:00 a 14:00h

- **Benvida**
- **Introdución aos mecanismos e metodoloxía de financiamento en cascada desenvolto pola Comisión Europea:**
  - En que consiste o Cascade Funding?
  - Onde atopar as oportunidades de Cascade Funding?
- **Convocatorias dos Proxectos Digicerc, Galatea, AIPlan4EU e i-nergy.**
- **Quenda de preguntas.**
- **Presentación da metodoloxía dos seguintes talleres.**

**Sesións de traballo: 20 e 21 de setembro**

En todas as sesións de traballo poderanse presentar ideas de proxecto por parte dos asistentes, ademais de poder contar con consellos prácticos para elaborar unha proposta gañadora.

**20 setembro**  
10:00 - 12:00h

**Convocatoria do Proxecto Digicirc**

- **DigiCirc (European cluster-led accelerator for digitisation of the circular economy across key emerging sectors)** é un programa de apoio á aceleración da innovación mediante a identificación de solucións de economía circular de vangarda e promovendo o desenvolvemento empresarial e o crecemento das empresas en 3 sectores fundamentais: **Cidades Circulares, Bioeconomía e Economía Azul.**

SETEMBRO 2021:

"Open call" de bioeconomía, para seleccionar startups / pemes para entrar no seu programa de implementación de 12 semanas.

**12:00-14:00h Convocatoria do Proxecto Galatea**

- **Galatea (Grow And Accelerate Your Smart Projects In New Value Chains of The European Blue Economy)** é un proxecto para desenvolver novas cadeas de valor intersectoriais e transfronteirizas, apoiando a pemes innovadoras, para fomentar o desenvolvemento do Crecemento Azul en industrias clave en Europa.

SETEMBRO 2021:

“Open call” para seleccionar pemes innovadoras nos ámbitos referidos aos sectores aeroespacial e TIC nos seguintes ámbitos: portos, barcos, estaleiros e vixilancia marítima.

**21 setembro  
10:00 - 12:00h Convocatoria do Proxecto AIPlan4EU**

- **AIPlan4EU (Bringing AI Planning to the European AI On-Demand Platform)** é un proxecto que desenvolverá un marco uniforme, centrado no usuario, para acceder á tecnoloxía de planificación existente e mediante a elaboración de directrices concretas para os innovadores e os profesionais sobre como utilizar a Intelixencia Artificial (IA).

SETEMBRO 2021:

“Open call” co obxectivo de aproveitar a tecnoloxía de planificación da IA en diversos sectores como: o espazo, a agricultura, a fabricación, a loxística, a conducción autónoma, a experimentación automatizada, a robótica submarina ou calquera outro que resulte relevante.

**12:00 - 14:00h Convocatoria do Proxecto i-nergy**

- **i-nergy (Artificial Intelligence for Next Generation Energy)** é un proxecto que vai desenvolver novos servizos enerxéticos baseados na IA, totalmente aliñados cos requisitos de servizo do proxecto AI4EU e que busca reforzar a competitividade das pemes en materia de IA para a enerxía. Ademais, ten como obxectivo construír un marco modular aberto para apoiar a IA á carta no sector da enerxía capitalizando, entre outros, a IA de última xeración e a Internet das cousas.

OUTUBRO 2021:

“Open call” para seleccionar 10 proxectos/ organizacións (startups, pemes) para participar no seu primeiro programa de transferencia de tecnoloxía na seguinte temática: Building blocks for new AI algorithms / services and small-scale experiments (Prototypes).

Relatores:



○ Graciela Garrido, (Econet SL, Grupo FundingBox)

Subdirectora de Econet SL (Grupo Funding Box), experta na preparación e avaliación de propostas para programas europeos como H2020, INTERREG, ERASMUS+ ou LIFE.



○ María Gomez-Reino Pérez (Econet SL, Grupo FundingBox)

Consultora Senior en Econet SL, experta na preparación e xestión de proxectos europeos, especialmente en eidos como a sustentabilidade e o medio ambiente.



○ María Bernabé Franco (Centro Tecnolóxico Naval e do Mar)

Divulgadora científica e responsable de Proxectos Europeos no Centro Tecnolóxico Naval e do Mar.



○ **Leire Balzategui Urrutia (Clúster de Mobilidade e Loxística de Euskadi)**

Responsable das áreas estratéxicas de Loxística 4.0 e Mobilidade Loxística Limpa do Clúster de Mobilidade e Loxística de Euskadi. Conta cunha ampla experiencia en proxectos internacionais de Infraestruturas e transporte e tamén é divulgadora científica.



○ **Luisa Gonçalves (F6S Network)**

Responsable de proxectos europeos, participando na xestión de convocatorias de H2020 e Horizonte Europa. É especialista nas áreas de Intelixencia Artificial, robótica cognitiva ou o Internet das Cousas.



○ **Thomas Wilczek (Funding Box)**

Director de proxectos en Funding Box para I-ENERGY e LEDGER. Ten ampla experiencia en financiamento en cascada e no desenvolvemento de negocios de innovación tecnolóxica a escala internacional.

